



GOBIERNO CIVIL
DE
ORENSE

- 1 -

5/a

Jurado P. de Montes en Mano Común

En sesión celebrada en la fecha que se indica, se adoptó el siguiente

A C U E R D O

En la Ciudad de Orense, a 28 de Febrero de 1.977

Visto, en el día de la fecha, por el Jurado Provincial de Montes en Mano Común, con asistencia de los señores que constan en acta, el presente expediente de clasificación de los montes denominados: "DE DESTREIZ"

tramitado a instancia de la Administración Forestal, como perteneciente en régimen de comunidad germánica a los vecinos de la parroquia de Destreiz, del término municipal de Padrenda

RESULTANDO: Que por los Servicios de Investigación Forestal se confeccionó la carpeta - ficha de los montes objeto de este expediente, conteniendo el croquis "mosaico" de fotografías aéreas, la situación jurídico-administrativa, con un estudio histórico de la evolución de la propiedad colectiva vecinal, estado de los montes en relación al Catálogo, Inventario y Registro de la Propiedad y la posición de la Administración Municipal, situación de hecho, para llegar a la conclusión de que tales montes son claramente definibles como montes vecinales en mano común, porque la posesión vecinal es pacífica y no interrumpida, desde tiempo inmemorial, en concepto de dueños, porque tienen una procedencia foral, porque la propiedad ha permanecido indivisa y los aprovechamientos vienen siendo mancomunados, ligados a la condición de vecinos de sus beneficiarios, sin fijación de cuotas específicas; porque el Ayuntamiento presta aquiescencia a la posible calificación de vecinales en mano común.

RESULTANDO: Que en sesión del Jurado Provincial, de fecha 22 de Octubre de 1.976 se acordó iniciar expediente para la clasificación de los montes de referencia, designando como instructor a Don Ovidio Chamosa Sarandeses quien aceptó el cargo y procedió a su tramitación, librándose mandamiento para la anotación preventiva en el Registro de la Propiedad del Partido; también se acordó oír a todas las personas, organismos y corporaciones interesados, librándose comunicaciones a tal fin, dirigidas al Sr. Alcalde del Término municipal; Presidente de la Junta de Comunidad o Alcalde Pedáneo, Presidente de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, Diputación Provincial y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., publicándose edictos en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento. Habiendo comparecido D. Antonio Benito González Veiga, representado por el Procurador Sr. Cortiñas Pérez, invocando la cualidad de dueño de parte de la parcela, denominada "CHAN DA PONTE", solicitando se le tuviera por parte en el expediente. Por providencia de 12 de Febrero se le tuvo por parte y dada vista del expediente, solicitó que se practicase con su intervención reconocimiento de la parcela, como así se llevó a cabo el día 19, con el resultado que obra en la diligencia levantada al efecto.



RESULTANDO: Que en la tramitación del presente expediente se han cumplido las formalidades legales, especialmente cuanto dispone la Ley de Montes en Mano Común, de 27 de julio de 1968, y el Reglamento para su aplicación, de 26 de febrero de 1970, así como lo establecido en la Ley de Procedimiento Administrativo, de 17 de julio de 1958.

VISTOS, los preceptos citados y demás disposiciones de general aplicación.

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente de clasificación de los montes que tengan tal carácter, a tenor de lo dispuesto en el art.º 10 de la Ley citada y el art.º 10 de su reglamento.

CONSIDERANDO: Que la Administración Forestal es parte legítima para solicitar la iniciación del presente expediente de clasificación de los montes como vecinales en régimen de comunidad germánica o mano común, como así lo reconoce el art.º 11 de la citada Ley de Montes en Mano Común.

CONSIDERANDO: Que el tipo de comunidad germánica que instituye la Ley de Montes en Mano Común, inspirada en el reconocimiento que de esta comunidad ha hecho el Tribunal Supremo, entre otras, en las Sentencias de 22 de diciembre de 1926, 28 de diciembre de 1957, 30 de septiembre de 1958 y muy especialmente en la de 2 de febrero de 1965, tiene como características esenciales las siguientes: 1.ª).- Los condóminos están unidos por vínculos personales de vecindad, agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos o barrios; no constituidos formalmente en Entidades Municipales. 2.ª).- Que, por tanto, el número de titulares es variable e indeterminado. 3.ª).- Que el patrimonio colectivo sea utilizado y aprovechado por la cualidad de miembro de la agrupación vecinal, faltando la idea de cuota en el sentido jurídico romano. 4.ª).- Que el patrimonio y la participación es inalienable e intransferible y se pierde al perder la cualidad de vecino. 5.ª).- La comunidad es indisoluble, los comuneros no pueden pedir ni ejercitar la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO: Que del resultando de la actuaciones se desprende que solo la parcela Costa do Muíño do Montes, reúne las características anteriormente enumeradas que definen la propiedad colectiva de tipo germánico o mano común, perteneciente a los vecinos de la parroquia de Desteriz. El monte denominado "Lodairo", si bien originariamente ha tenido el mismo carácter, actualmente los vecinos han dividido sus aprovechamientos, habiéndose desnaturalizado la comunidad. El monte "Chan da Ponte", pertenece en exclusiva y como propiedad privada a D. Antonio Benito González Veiga, en virtud de título traslativo de 2 de Abril de 1.949, habiendo transmitido a terceros porciones del monte, en el que existe una edificación y en el resto una plantación que data de más de 22 años.

EL JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, a la vista de los antecedentes y fundamentos de derecho expuestos, ACUERDA:

CLASIFICAR los montes denominados genéricamente "DE DESTREIZ", que en conjunto ocupan una superficie de 59 Ha. de los cuales la porción o parcela "COSTA DO MUIÑO", sita en la margen derecha del Rio Troncoso, que divide con Portugal, es típicamente copropiedad germánica o de mano común, perteneciente a los vecinos de la parroquia de Destreiz. El monte denominado "LO-DAIRO", aunque originariamente ha sido de la misma naturaleza de los vecinos de Destreiz, éstos lo han dividido y lo vienen aprovechando privadamente, cuya situación se respeta. NO SE CLASIFICA el monte denominado "CHAN DA PONTE", de unas 2 Ha. por haber sido adquirido por título traslativo y hallarse en posesión del mismo por tiempo suficiente para prescribir el dominio.

Incluyane los restantes en la relación de montes vecinales en mano común.

Notifíquese esta resolución al Sr. Alcalde, Presidente o Representante de la Comunidad y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., a los que se les hará saber que contra esta resolución pueden interponer el recurso contencioso-administrativo, ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña, en el plazo de DOS MESES, previo el de reposición ante este Jurado Provincial, en el plazo de UN MES, a partir del día siguiente a su notificación.



Sr.

[Handwritten signatures and scribbles covering the bottom right portion of the page.]

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
OR	57	3	1

CLAVE DEL MONTE

3.- ESTADO FISICO

Ref. Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de DESTERIZ están formados por pequeñas parcelas de monte enclavadas entre fincas particulares y diseminadas por el término parroquial. "CHAN DA PONTE" está situada entre la carretera de Puente Barjas y el río Troncoso. La "COSTA DO MUIÑO DO MONTE" está en la margen derecha del río Troncoso, aguas abajo de la anterior, en una curva del río. La de "A BARUXA" está al N. del camino de Formarigo y Lordelo, en términos del primero, entre fincas particulares. También hubo algún monte en el "Alto de Lodairo".

Como todo el término parroquial, el terreno de estos montes es muy accidentado y con fuertes pendientes. Las altitudes oscilan entre los 150 y 494 m.

Tienen acceso desde la carretera de Puente Castrelo a Punte Barjas.

Prov.º	Munic.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
OR	57	3	1

Ref. Índice	CLAVE DEL MONTE
3.2	<p>SUPERFICIE.</p> <p>En conjunto 59 Has, obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.</p>
3.3	<p>LINDEROS.</p> <p>Los del termino parroquial:</p> <p>N. - Rio Miño y términos de la parroquia de Condado.</p> <p>E. - Término municipal de Puenteveva y términos de la parroquia de Crespos.</p> <p>S. - Términos de la parroquia de Padrenda.</p> <p>O. - Rio Troncoso dividiendo con Portugal.</p>
3.4	<p>DESCRIPCION DEL PERIMETRO.</p> <p>Los límites de estos montes de la parroquia de DESTERIZ son los cierres de las fincas particulares de los términos descritos en 3.1. Las parcelas de "CHAN DA PONTE" y de "COSTA DO MUIÑO DO MONTE", bajan por el O. al rio Troncoso.</p>
3.5	<p>OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES</p> <p>El límite de las zonas de monte figuradas en el plano de 1.2, con alguna posibilidad de ser mon-</p>

Prov. ^a	Munic. ^a	Comunidad Prop. ^a	N.º monte
OR	57	3	1

Rel. Índice

CLAVE DEL MONTE

•••
3.5

tes vecinales, no pueden ser muy preciso si se tiene en cuenta que corresponden a fincas claramente particulares que en muchos casos ocupan terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de estas zonas hasta donde existe alguna duda razonable de que pueda pertenecer a monte vecinal.

Ante la posibilidad de que alguna de estas zonas de monte pudieran ser calificadas como vecinales en mano común, sería siempre necesario un deslinde parcial en la colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 1 de agosto do 2012 pola que se aproba o deslindamento da parcela Lodairo do monte veciñal en man común de Desteriz, no concello de Padrenda (Ourense), pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Desteriz, na parroquia de Desteriz.

Examinado o expediente de deslindamento da parcela «Lodairo» do monte veciñal en man común de Desteriz, da parroquia de Desteriz, no concello de Padrenda (Ourense), pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Desteriz, e tendo en conta os seguintes,

Antecedentes.

Primeiro. O 21.7.2010, o entón director xeral de Montes autorizou que se realizase o deslindamento da parcela «Lodairo» do monte veciñal en man común de Desteriz, da parroquia de Desteriz, no concello de Padrenda (Ourense), pertencente á comunidade de montes de Desteriz.

O 15.11.2010 dítase resolución do entón director xeral de Montes pola que se acorda corrixir un erro existente na anterior Resolución do 21.7.2010.

O 25.11.2010 María del Carmen Vázquez Meleiro recorreu a Resolución do 15.11.2010 resolvéndose, o 27.4.2011, polo entón secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural inadmitir o dito recurso de alzada.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 181, do 20.9.2010 publicouse o Edicto do 13.8.2010 polo que se anuncia o comezo do deslinde da parcela Lodairo, que forma parte do monte veciñal en man común denominado de Desteriz (San Miguel) no concello de Padrenda (Ourense). Do mesmo xeito, en cumprimento do artigo 98 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes, as operacións de deslindamento notificáanse ás persoas interesadas ás que este fai referencia, contendo as notificacións as mesmas previsións que as fixadas no Edicto do 13.8.2010.

No xa citado edicto, fíxase o 15.12.2010 como día para o comezo das operacións de deslindamento, emprázanse os estremeiros e as persoas que puideran ter un interese léxítimo para que asistan ao acto e dáse un prazo de 45 días naturais desde a publicación

deste anuncio para que, os que se consideren con dereito á propiedade do monte ou parte del, e os estremeiros que desexen acreditar o que poida corresponderlles, presenten os documentos pertinentes.

Segundo. No prazo fixado polo Edicto do 13.8.2010, en cumprimento do artigo 97 do Decreto 485/1962, María del Carmen Vázquez Meleiro presentou a documentación relativa ao dereito de propiedade que ela alega, así achega escritura de compra dunha parcela situada dentro do monte que se vai deslindar, e copias do expediente de expropiación dunha parte do predio. Esta documentación foi remitida ao Gabinete Xurídico Territorial de Ourense, para que procedera á súa cualificación, de acordo co disposto no artigo 100 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes. O citado gabinete emitiu informe sobre a documentación presentada por María del Carmen Vázquez Meleiro, indicando que se trata dunha escritura privada de alleamento sen que dela resulten datos de identificación rexistral nin dos que transmiten nin dos adquirentes dos que trae causa segundo o contido do propio Rexistro da Propiedade, para os efectos de continuación do tracto rexistral. Conclúe considerando que, como a documentación presentada non tivo acceso ao Rexistro da Propiedade, débese encadrar este título no artigo 100.b) do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes.

Terceiro. En cumprimento do Edicto de 13.8.2010, ao que se fai referencia no antecedente primeiro, o 15.12.2010 iniciouse á realización da corta polo pé das extremas do monte.

Para a realización da corta polo pé, tívose en consideración o disposto na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, que atribúe a propiedade á comunidade veciñal correspondente, en tanto non exista sentenza firme en contra.

Durante a corta polo pé, Manuel Gago Juárez, en representación de María del Carmen Vázquez Meleiro realizou dúas alegacións, concretadas en que a resolución do director xeral de Montes que autoriza para realizar o deslindamento é nula e, como consecuencia, son nulos todos os actos que se realicen con base na dita resolución incluído a corta polo pé. A outra alegación baséase en que os terreos que se deslindan non son monte veciñal en man común e, polo tanto, a administración non é competente para realizar este deslindamento. No vértice número 9 da corta polo pé, Manuel Gago Juárez solicita que se levante unha liña alternativa seguindo o muro que pecha o predio da súa representada. En relación co levantamento desta parcela o presidente da comunidade de montes alega que o predio foi pechado sen o consentimento e coa oposición da comunidade propietaria, por tratarse de terreos pertencentes ao monte veciñal.

A corta polo pé rematou o 21.1.2011.

Cuarto. O 20.5.2011 o enxeñeiro operador emite informe relativo ao deslindamento da parcela do monte veciñal en man común denominada «Lodairo» pertencente á parroquia de Desteriz (San Miguel), no concello de Padrenda (Ourense).

No informe, o enxeñeiro operador propón: a aprobación do deslindamento, que se atribúa ao monte unha cabida total de 47,1 hectáreas sen encravados dentro do seu perímetro e define os límites do monte.

En cumprimento do artigo 119 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes, o enxeñeiro operador remite, xunto co informe, o expediente completo ao Servizo de Montes de Ourense co fin de proseguir coa tramitación do expediente.

Quinto. En cumprimento do disposto nos artigos 120 e 121 do xa citado Decreto 485/1962, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 129, do 6.7.2011, o Edicto do 14.6.2011, da Xefatura do Servizo de Montes de Ourense, polo que se anuncia a apertura do período de vista e reclamacións, no presente expediente de deslinde, dando, para tales efectos, un prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do edicto. Do mesmo xeito, notifícase persoalmente ás persoas interesadas cuxo domicilio se coñecía.

O 26.7.2011 Celsa Rodríguez Estévez formulou alegacións á traza da liña entre os vértices 15, 16 e 17.

O 18.10.2011 foron citadas as persoas interesadas para realizar a comprobación sobre o terreo das alegacións presentadas non tendo en conta a alegación efectuada por Celsa Rodríguez Estévez polas razóns expostas no informe do Servizo de Montes de Ourense, deste xeito indica: que a comunidade de montes veciñais en man común propietaria mostrou o seu desacordo coa reclamación presentada, que sobre a alegación non se presentou documentación algunha pola Sra. Rodríguez Estévez no prazo establecido no artigo 97 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes e, que sobre o terreo, a interesada apenas podía situar a liña sobre a que reclama, por descoñecer a situación dos posibles predios afectados.

Sexto. O 24.4.2012 o xefe do Servizo de Montes de Ourense, dando cumprimento ao artigo 125 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de

montes, emite informe relativos ao deslindamento da parcela do monte veciñal en man común denominada «Lodairo» pertencente á parroquia de Desteriz (San Miguel), no concello de Padrenda (Ourense).

O 27.7.2012 o secretario xeral do Medio Rural e Montes propón a aprobación do deslindamento da citada parcela do monte veciñal en man común.

Consideracións legais e técnicas.

Primeiro. De acordo co disposto nos reais decretos 167/1981, do 19 de xaneiro; 1706/1982, do 24 de xullo e 1535/1984, do 20 de xuño, sobre transferencias de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, a conselleira do Medio Rural e do Mar é competente para ditar esta orde.

Segundo. O Servizo de Montes de Ourense é competente para levar adiante este deslindamento, cumpridas todas as prescricións legais en canto á publicidade, notificación e demais requisitos esixidos nos artigos 82 ao 125 do Regulamento de Montes aprobado polo Decreto 485/1962, do 22 de febreiro.

Terceiro. As resolucións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común atribúen a propiedade destes ás comunidades veciñais, en tanto non exista sentenza firme en contra, ditada pola xurisdición ordinaria, segundo determina o artigo 30 do Decreto 260/1992, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Tendo en conta os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación e o informe e proposta do xefe do Servizo de Montes de Ourense, esta conselleira por proposta da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes,

DISPOÑO:

Primeiro. Aprobar o deslindamento da parcela Lodairo do monte veciñal en man común de Desteriz, pertencente á comunidade de Desteriz, parroquia de San Miguel no concello de Padrenda, na provincia de Ourense, de acordo coas actas, rexistro topográfico e plano que figuran no expediente, así como coa descrición perimetral. A cabida total do

monte é de 47,1 hectáreas, sen encravamentos dentro do seu perímetro. Os lindeiros do monte quedan definidos do xeito seguinte:

Norte: propiedades particulares.

Leste: propiedades particulares.

Sur: propiedades particulares.

Oeste: propiedades particulares.

Descrición do perímetro exterior.

Comeza a descrición no vértice número 1, que queda marcado sobre unha construción de ladrillo empregada como garaxe, no cruzamento dun camiño que sae do monte e a denominada «pista da capela». En todas as extremas o monte limita con propietarios particulares.

Desde o vértice 1 ao 5 a estrema do monte queda materializada por muros de pedra. Desde o vértice 5 ata o 10 a estrema está materializada basicamente por camiños antigos que servían para enlazar o lugar de Lordelo (entidade de poboación máis próxima ao monte) con Trado e O Condado.

Desde o vértice 10 ao 16 o límite vén definido por unha liña poligonal que se apoia nalgún marco de pedra, muros e camiños.

Desde o vértice 16 ata finalizar no vértice 1 a estrema volve a materializarse sobre o terreo mediante diversas pistas e camiños.

Encravamentos.

Non existen encravamentos dentro do perímetro descrito no punto anterior.

Servidumes.

Da documentación non se deduce a existencia de servidumes, aínda que deben considerarse as servidumes habituais de paso nas estradas, devasas, camiños e pistas forestais existentes dentro do monte.

Segundo. Que se cancele total ou parcialmente calquera inscrición rexistral en tanto sexa contraditoria coa descrición da parcela Lodairo do monte veciñal en man común de Desteriz.

Terceiro. Desestimar as reclamacións sobre propiedade presentadas por María del Carmen Vázquez Meleiro e por Celsa Rodríguez Estévez, declarando expresamente que no referente ás reclamacións de propiedade, a presente resolución esgota a vía administrativa deixando expedita a xudicial civil.

Cuarto. Que se notifiquen os novos datos resultantes da descrición do monte ao rexistro provincial de montes veciñais en man común de Ourense.

Quinto. Que se inmatricule o monte coas características resultantes no rexistro da propiedade.

Sexto. Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Os interesados poderán interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Ambos os dous prazos computaranse desde o día seguinte ao da recepción da notificación persoal polos interesados, ou ao da publicación para os que non puidesen ser notificados persoalmente.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2012

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar



RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN

Procedemento: deslindamento

Expediente: deslindamento da parcela Lodairo do monte veciñal en man común de Desteriz

Persoa Interesada: María del Carmen Vázquez Meleiro

ANTECEDENTES

1 O 21.07.2010, o entón director xeral de Montes autorizou que se realizase o deslindamento da parcela "Lodairo" do monte veciñal en man común de Desteriz, da parroquia de San Miguel de Desteriz, no concello de Padrenda (Ourense), pertencente á comunidade de montes de Desteriz.

O 15.11.2010 dítase resolución do entón director xeral de Montes pola que se acorda corrixir un erro existente na anterior resolución do 21.07.2010.

O 25.11.2010 María del Carmen Vázquez Meleiro recorreu a resolución do 15.11.2010, resolvéndose o recurso o 27.04.2011, polo entón secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural inadmitindo o mesmo.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 181, do 20.09.2010 publicouse o Edicto do 13.08.2010 polo que se anuncia o comezo do deslinde da parcela Lodairo, que forma parte do monte veciñal en man común denominado De Desteriz (San Miguel) no concello de Padrenda (Ourense). Do mesmo xeito, en cumprimento do artigo 98 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes, as operacións de deslinde notifícanse ás persoas interesadas ás que este fai referencia, contendo as notificacións as mesmas previsións que as fixadas no Edicto do 13.08.2010.

No xa citado edicto, fíxase o 15.12.2010 como día para o comezo das operacións de deslindamento, emprázase aos estremeiros e ás persoas que puideran ter un interese lexítimo para que asistan ao acto e dáse un prazo de 45 días naturais desde a publicación deste anuncio para que, os que se consideren con dereito á propiedade do monte ou parte del, e os estremeiros que desexen acreditar o que poida corresponderlles, presenten os documentos pertinentes.





2 No prazo fixado polo Edicto do 13.08.2010, en cumprimento do artigo 97 do Decreto 485/1962, María del Carmen Vázquez Meleiro presentou a documentación relativa ao dereito de propiedade que ela alega, así aporta escritura de compra dunha parcela situada dentro do monte a deslindar, e copias do expediente de expropiación dunha parte da finca.

Esta documentación foi remitida ao Gabinete Xurídico Territorial de Ourense, para que procedera á súa cualificación, de acordo co disposto no artigo 100 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes. O citado gabinete emitiu informe sobre a documentación presentada por María del Carmen Vázquez Meleiro, indicando que se trata dunha escritura privada de alleamento sen que dela resulten datos de identificación rexistral nin dos que transmiten nin dos adquirentes dos que trae causa segundo o contido do propio Rexistro da Propiedade, aos efectos de continuación do tracto rexistral. Conclúe considerando que, como a documentación presentada non tivo acceso ao Rexistro da Propiedade, débese encadrar este título no artigo 100.b) do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes.

3 En cumprimento do Edicto de 13.08.2010, ao que se fai referencia no antecedente primeiro, o 15.12.2010 iniciouse á realización do apeo das extremas do monte. Para a realización do apeo, tívose en consideración o disposto na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, que atribúe a propiedade á comunidade veciñal correspondente, en tanto non exista sentenza firme en contra. Durante o apeo, Manuel Gago Juárez, en representación de María del Carmen Vázquez Meleiro realizou dúas alegacións, concretadas en que a resolución do director xeral de Montes que autoriza para realizar o deslindamento é nula e, como consecuencia, son nulos todos os actos que se realicen en base á dita resolución incluído o apeo. A outra alegación baséase en que os terreos que se deslindan non son monte veciñal en man común e, polo tanto, a administración non é competente para realizar este deslindamento. No vértice número 9 do apeo, Manuel Gago Juárez solicita que se levante unha liña alternativa seguindo o muro que pecha a finca da súa representada. En relación co levantamento desta parcela o presidente da comunidade de montes alega que a finca foi pechada sen o consentimento e coa oposición da comunidade propietaria, por tratarse de terreos pertencentes ao monte veciñal. O apeo rematou o 21.01.2011.

4 O 20.05.2011 o enxeñeiro operador emite informe relativo ao deslindamento da parcela do monte veciñal en man común denominada "Lodairo" pertencente á parroquia de Desteriz (San Miguel), no concello de Padrenda (Ourense).





No informe, o enxeñeiro operador propón: a aprobación do deslindamento, que se atribúa ao monte unha cabida total de 47,1 hectáreas sen encravados dentro do seu perímetro e define os límites do monte.

En cumprimento do artigo 119 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes, o enxeñeiro operador remite, xunto co informe, o expediente completo ao Servizo de Montes de Ourense co fin de proseguir coa tramitación do expediente.

5 En cumprimento do disposto nos artigos 120 e 121 do xa citado Decreto 485/1962, publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 129, do 06.07.2011, o Edicto do 14.06.2011 da Xefatura do Servizo de Montes de Ourense, polo que se anuncia a apertura do período de vista e reclamacións, no presente expediente de deslinde, dando, para tales efectos, un prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do edicto. Do mesmo xeito, notifícase persoalmente ás persoas interesadas cuxo domicilio se coñecía.

O 26.07.2011 Celsa Rodríguez Estévez formulou alegacións á traza da liña entre os vértices 15, 16 e 17.

O 18.10.2011 foron citadas as persoas interesadas para realizar a comprobación sobre o terreo das alegacións presentadas non tendo en conta a alegación efectuada por Celsa Rodríguez Estévez polas razóns expostas no informe do Servizo de Montes de Ourense, deste xeito indica: que a comunidade de montes veciñais en man común propietaria mostrou o seu desacordo coa reclamación presentada, que sobre a alegación non se presentou documentación algunha pola Sra. Rodríguez Estévez no prazo establecido no artigo 97 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes e, que sobre o terreo, a interesada apenas podía situar a liña sobre a que reclama, por descoñecer a situación das posibles fincas afectadas.

6 O 24.04.2012 o xefe do Servizo de Montes de Ourense, dando cumprimento ao artigo 125 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes, emite informe relativo ao deslindamento da parcela do monte veciñal en man común denominada "Lodairo" pertencente á parroquia de Desteriz (San Miguel), no concello de Padrenda (Ourense).

O 27.07.2012 o secretario xeral do Medio Rural e Montes propón a aprobación do deslindamento da citada parcela do monte veciñal en man común.





7 O 13.08.2012, no Diario Oficial de Galicia núm. 154 publícase a Orde do 01.08.2012 pola que se aproba o deslinde da parcela “Lodairo” do monte veciñal en man común de Desteriz, no concello de Padrenda (Ourense), pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Desteriz, na parroquia de San Miguel de Desteriz.

Na citada Orde, textualmente, a Conselleira do Medio Rural e do Mar indica que dispón:

“Primeiro.- Aprobar o deslindamento da parcela Lodairo do monte veciñal en man común de Desteriz, pertencente á comunidade de Desteriz, parroquia de San Miguel no concello de Padrenda, na provincia de Ourense, de acordo coas actas, rexistro topográfico e plano que figuran no expediente, así como coa descrición perimetral. A cabida total do monte é de 47,1 hectáreas, sen encravamentos dentro do seu perímetro. Os lindeiros do monte quedan definidos do xeito seguinte:

Norte: Propiedades particulares.

Leste: Propiedades particulares.

Sur: Propiedades particulares.

Oeste: Propiedades particulares.

Descrición do perímetro exterior.

Comeza a descrición no vértice número 1, que queda marcado sobre unha construción de ladrillo empregada como garaxe, no cruce dun camiño que sae do monte e a denominada “pista da capela”. En todas as extremas o monte limita con propietarios particulares.

Dende o vértice 1 ao 5 a estrema do monte queda materializada por muros de pedra. Dende o vértice 5 ata o 10 a estrema está materializada basicamente por camiños antigos que servían para enlazar o lugar de Lordelo (entidade de poboación máis próxima ao monte) con Trado e O Condado.

Dende o vértice 10 ao 16 o límite ven definido por unha liña poligonal que se apoia nalgún marco de pedra, muros e camiños.

Dende o vértice 16 ata finalizar no vértice 1 a estrema volve a materializarse sobre o terreo mediante diversas pistas e camiños.

Encravamentos

Non existen encravamentos dentro do perímetro descrito no apartado anterior.

Servidumes

Da documentación non se deduce a existencia de servidumes, aínda que deben considerarse as servidumes habituais de paso nas estradas, cortalumes, camiños e pistas forestais existentes dentro do monte.





Segundo: Que se cancele total ou parcialmente calquera inscrición rexistral en tanto sexa contradictoria coa descrición da parcela Lodairo do monte veciñal en man común de Desteriz.

Terceiro: Desestimar as reclamacións sobre propiedade presentadas por María del Carmen Vázquez Meleiro e por Celsa Rodríguez Estévez, declarando expresamente que no referente ás reclamacións de propiedade, a presente resolución esgota a vía administrativa deixando expedita a xudicial civil.

Cuarto: Que se notifiquen os novos datos resultantes da descrición do monte ao rexistro provincial de montes veciñais en man común de Ourense.

Quinto: Que se inmatricule o monte coas características resultantes no rexistro da propiedade.

Sexto: Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Os interesados poderán interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Ambos os dous prazos computaranse desde o día seguinte ao da recepción da notificación persoal polos interesados, ou ao da publicación para os que non puidesen ser notificados persoalmente”.

Notifícase persoalmente á interesada a publicación o 05.09.2012 tal e como consta no correspondente xustificante de recepción que se incorpora ao expediente.

8 O 12.09.2012 María del Carmen Vázquez Meleiro interpón recurso de reposición no que, en síntese, indica o seguinte:

- Nulidade de pleno dereito do artigo 62 da Orde aprobatoria do deslindamento da parcela Lodairo ao ditarse de conformidade ao informe proposta de resolución do enxeñeiro operador ao haberse prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, xerando á interesada unha situación de indefensión.
- Nulidade das actuacións posteriores á autorización do deslindamento ao estar suspendida a resolución do 21.07.2010 do Director Xeral de Montes pola que se autorizou o deslindamento segundo o disposto no artigo 111 da Lei 30/1992





- O monte Lodairo non está clasificado como monte veciñal en man común, e polo tanto non está incluído no monte veciñal de Desteriz, non podendo, polo tanto acordarse o deslindamento dun monte pertencente a un particular.
- Nulidade de pleno dereito da resolución impugnada pola absoluta falla de competencia da Xunta para deslindar ou determinar os lindes do monte Lodairo, pois non é un monte veciñal en man común senón que é un monte dun particular.
- Que queda acreditada a constatación de que a parcela da dicente non é monte veciñal, senón propiedade individual de María del Carmen Vázquez Meleiro e os seus irmáns ao ter sido aproveitada e posuída de xeito individual polos mesmos.

Solicita:

- Se teña por interposto recurso de reposición fronte á Orde do 01.08.2012
- Que se acorde a revogación da dita orde por ser nula de pleno dereito acordando a exclusión do deslindamento do monte veciñal de Desteriz da finca de María del Carmen Vázquez Meleiro
- Ou subsidiariamente se declare a nulidade de pleno dereito da resolución recorrida retrotraendo o expediente ao momento de cumprimento dos trámites previstos nos artigos 100 a 107 do Decreto 485/1962
- A suspensión da executividade da resolución impugnada

9 O 26.10.2012 o secretario xeral do Medio Rural e de Montes emite informe no que indica entre outras cuestións:

[...]

